

1. Brenda e os dragóns

Brenda entra na casa coa súa cara máis alegre. Dálle un bico ao seu pai, que acaba de abrialle a porta, e logo deixa sobre o sofá da sala a pesada mochila que leva todos os días ao colexio. A tranquilidade que ata daquela había no fogar desaparece, pois a nena é coma un terremoto ambulante e non deixa de falar e de moverse en ningún momento.

—¡Tes que ler o conto que fixen hoxe! ¡Xa verás que ben me saíu! ¡A profesora púxome un sobresaliente! —dille ao pai, ao tempo que remexe na mochila e saca unhas follas dun cartafol vermello.

—Pois cala un pouco, se queres que o lea —o pai colle as follas que lle dá a nena e senta nunha cadeira.



Despois sinala coa cabeza en dirección á cociña e engade—: Acaba de poñer a mesa, anda; así xantamos en canto o remate.

—¿E mamá? —pregunta Brenda, ao reparar en que só hai dous pratos encol da mesa.

—Hoxe vén máis tarde; chamou hai pouco, seica ten moito traballo na oficina. Dixo que fomos xantando os dous.

—¡Boh, vaia oficina que escolleu! ¡Todos os días ten que quedar ata tarde!

—Tes toda a razón, a min tampouco non me fai graza ningunha. Mais así son as cousas.

O pai concéntrase na lectura, mentres a nena bourea na cociña. Cando remata o conto, xa ten a Brenda sentada ante el, coa mirada expectante, atenta ás súas reaccións.

—¿Outra historia de dragóns? —exclama o pai, cun ton irónico—. ¡Non creo que haxa ningunha nena no mundo á que lle gusten os dragóns tanto coma a ti!

Brenda, algo desilusionada polo comentario, respóndelle decontado:

—Pois á miña profesora encantoulle. Pedíume que o lese en voz alta para toda a clase e, ao acabar,

díxome que o conto lle gustara moito, que tiña madeira de escritora.

—É verdade que está moi ben, o final é magnífico —o pai relé en voz alta as derradeiras liñas da folla que sostén entre as mans—. ¡Pero sempre escribes contos de dragóns!

—¿E que? Son os que máis me gustan, xa o sabes.

—¡Xaora que o sei! —responde o pai—. Pero reconece que historias de dragóns hainas xa a mo-reas.

—Pois de gatos ou de cans, nin che conto —retru-ca a nena—. Ademais, as miñas historias son distintas. Nelas os dragóns nunca fan dano, son sempre bos. ¿Sabías que na China o dragón é un símbolo da paz? Alí cren que trae boa sorte, todos os anos celebran con el o aninovo chinés.

—¿E ti como sabes todo iso?

—Lino no libro que me regalastes o mes pasado. ¡Está fenómeno!

—Imos para a cociña, anda —responde o pai, sabedor de que á súa filla lle encantan as discusións e que será mellor desviar aquela conversa antes de que se complique—. Así explícasmo polo miúdo mentres xantamos, a ver se desta vez cho entendo ben.

Os dous abandonan a sala e sentan á mesa. Hoxe o pai fixo luras guisadas con arroz, un dos pratos preferidos da nena. Comeza a explicar como as cociñou, nun intento de cambiar de tema, pero Brenda teima en continuar a conversa de antes. Entre bocado e bocado, a nena vai explicando as súas razóns:

—Os animais non escollen como queren ser, nacen así. Os elefantes teñen unhas orellas enormes e esa trompa tan rara que lles vale para unha chea de cousas. E os canguros levan as crías nunha bolsa que teñen na barriga —Brenda engancha co garfo unha lura pequena e óllaa con atención—. ¿E que me dis dos polbos que vimos no acuario? Eses si que son bichos raros, coa cabeza fofa e todos eses tentáculos cheos de círculos pegañentos.

—Chámanse ventosas, non círculos. Son coma as desa lura que vas comer, só que máis grandes —corríxea o pai. Despois, engade—: O que me dis xa o sei, cada animal é como é: os crocodilos, os pingüíns, as arañas, as avestruces...

—¡Pois os dragóns, igual! Son como son, eles non teñen culpa ningunha.

—De pareceren repulsivos ao mellor non teñen culpa. Mais ¿que me dis das súas maldades? —replica





o pai—. ¿Párecete ben andar todo o día queimando colleitas, matando os animais, asustando a xente...? ¿Tamén o fan porque son así?

—¡Non me entendiches nada, papá! O que che digo é que se teñen escamas moi duras, e cornos, e pinchos polo lombo, e botan lume pola boca, é porque son dese xeito.

Como o pai parece que quedou sen respostas, Brenda engade:

—Ademais, non sei por que falas de maldades. Lémbrete de *Dragonheart*, a película tan bonita que me regalou a avoa. ¿Pareceuche malvado aquel dragón?

O pai fica en silencio, resignado xa a pasar a comida enteira falando de dragóns. Claro que lembra a película, que lle pareceu magnífica. Mais non di nada; se hai sorte, Brenda non ha tardar en esquecerse daquela teima.

—Como eran así, a xente tíñalles medo —continúa a nena—. A xente sempre ten medo do que non coñece, aínda mo dixeches o outro día. Por iso inventaron todas esas historias de que os dragóns facían dano.



—¿E logo por que mataban e queimaban? —insiste o pai.

—Pois sería para defendérense; ti farías o mesmo se te atacasen e quixesen matarte. —Tras uns momentos de vacilación, a nena engadiu—: Ademais, ¿como ía ser malo o único animal que podía falar?

—¡Ah, iso eu non o sabía! ¿Así que tamén podían falar?

—Podían. Vén explicado no libro que me regalastes. ¡Os únicos seres vivos capaces de facelo, os máis parecidos ás persoas! —agora Brenda fala de xeito acalorado, esqueceu por completo o guiso de luras que arrefría no prato—. O que pasa é que, no tempo dos dragóns, a xente era moi bruta e nin sequera os escoitaban. Agás os chineses, que debían de ser os máis listos de todos.

O pai cala, derrotado, pois non sabe que máis dicir. Dubida se faría ben mercándolle á súa filla *A Gran Enciclopedia dos Dragóns*, que Brenda xa debe de saber de memoria, de tantas veces que a leu. El preferiría que lle gustasen os cans, ou os gatos, ou mesmo os hámsteres, como a calquera nena. Claro que, ben





mirado, tamén é unha vantaxe que lle interesen os dragóns, sobre todo nestes tempos en que só viven nos libros e no cine. ¡Sorte que se extinguiron hai séculos, senón xa se vía con un deles andando todo o día pola casa!